



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO POLA QUE SE FAI PÚBLICA A RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADXUDICATARIAS DE PRAZAS DE RESIDENCIA NA ESCOLA OFICIAL NÁUTICO PESQUEIRA DE FERROL (PRAZO EXTRAORDINARIO) CONFORME Á ORDE DO 22 DE XUÑO DE 2020 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA O ACCESO ÁS PRAZAS DE RESIDENCIA E DE COMEDOR NOS CENTROS RESIDENCIAIS DESTA CONSELLERÍA, E SE CONVOCA A OFERTA DE PRAZAS PARA O CURSO ACADÉMICO 2020/2021.

O día 10 de xullo de 2020 publicouse a Orde do 22 de xuño de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para o acceso as prazas de residencia e de comedor nos centros residenciais da Consellería do Mar, e se convoca a oferta de prazas para o curso académico 2020/2021.

Conforme ao artigo 11, 13 e 14 desta orde, o día 22 de outubro de 2020 reuniuse na Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ferrol a Comisión de Valoración para elaborar a proposta de adxudicación definitiva de prazas de residencia. Logo de transcorrido o prazo de 10 días hábiles outorgado de acordo co artigo 12.2 da mencionada orde, e non habendo reclamacións ó respecto, procede dar traslado da proposta de adxudicación definitiva de persoas adxudicatarias de prazas de residencia á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, non habendo, neste caso, relación de excluídos

Tendo en conta a proposta da Comisión de Valoración, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro,

#### **RESOLVE:**

En cumprimento do punto 2, do artigo 13 da Orde do 22 de xuño de 2020, facer pública a relación definitiva de persoas adxudicatarias de prazas de residencia en pensión completa para a residencia da Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ferrol no prazo extraordinario. Esta relación figura como anexo desta resolución, e deberá publicarse na páxina web da Consellería do Mar e no taboleiro de anuncios da Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ferrol.

Informar da renuncia por escrito á adxudicación provisional de prazas de residencia en pensión completa no período extraordinario de Christian Eduardo Rodríguez Quattrini e de Eric Pena Fernández.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada perante a conselleira do Mar, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo





**ANEXO**

Relación definitiva de persoas adxudicatarias de prazas de residencia en pensión completa no prazo extraordinario. Curso 2020/2021

*Período Extraordinario. Pensión Completa. Curso 2020/2021*

<b>Nº</b>	<b>NOME</b>	<b>DNI</b>
1	ABAL PADÍN, CRÍSTIAN	****142**
2	BLANCO ARNOSI, JUAN	****773**

